

13/03/2026

AVISO FITOSANITARIO *Gonipterus platensis* (Gurgullo do Eucalipto)



Gonipterus platensis é un coleóptero curculiónido defoliador de distintas especies de eucalipto, a máis afectadas é *E. globulus*, aínda que tamén afecta a *E. nitens*, *E. camaldulensis* e outras. Normalmente completa dúas xeracións ao ano.

Este gurgullo aliméntase das follas de eucalipto durante as distintas etapas do seu desenvolvemento. As larvas nas fases L1 e L2 aliméntanse da epiderme das follas, e nos estadios L3 e L4, como tamén na fase adulta aliméntanse de toda a folla. Os adultos consumen a folla polos bordos producindo o típico festoneado das follas, e as larvas realizan galerías dentro da folla.


Os danos prodúcense principalmente no terzo superior da árbore, e son máis habituais na primavera e en outono.

Actualmente o método de control máis eficaz contra esta praga baséase na loita biolóxica. Nos últimos anos realizouse a difusión controlada de *Anaphes nitens* Huber; que é o parasitoide específico dos ovos do gurgullo. As soltas realízanse nas épocas do ano de maior densidade de ootecas: primavera e en outono en menor número.

Este parasitoide actúa poñendo os seus ovos no interior das postas do gurgullo que se desenrolan a expensas dos ovos do defoliador, e da lugar á emerxencia dun novo individuo de *Anaphes nitens*.

Tras os primeiros inventarios de inverno, nos que se persigue coñecer a evolución da distribución xeográfica, dinámicas das poboacións e variacións do ciclo biolóxico anual, detectáronse as primeiras postas e a presenza de adultos apareándose.

DEFOLIACIÓN: ZONAS ESTABLECIDAS PARA A MOSTRAXE DE GONIPETUS PLATENSIS



Lenda

- Puntos de avaliación
- Parcela de eucalipto da rede de danos

Zonificación

- A
- B
- C
- D

Zonificación: Partindo do grao de defoliación dos eucaliptos das parcelas da rede de muestreo, no ano 2017 estableceronse 4 zonas con un comportamento similar do ciclo biolóxico do *Gonipetus platensis*

A detección faise a través das postas frescas do defoliador, neste momento é cando se poden empezar a colocar as bolsas do parasito controlador de *Gonipterus platensis*. Esta primeira colocación do ano dura aproximadamente ata o mes de maio, e sempre que existan postas do gurgullo.



Nas revisións feitas na semana do 9 o 13 de marzo os resultados foronos seguintes

ZONA	PRESENZA OOTECAS
ZONA A	Baixa-media
ZONA B	Baixa-media
ZONA C	Media
ZONA D	Media